

ACORDO DE PRÓRROGA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), PARA O DESENVOLVEMENTO DUN SERVIZO TRANSDISCIPLINAR DE APOIO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE NA CONSECUCIÓN DOS SEUS PROXECTOS DE VIDA NA COMUNIDADE NO EXERCICIO 2025

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital

A Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

A entidade COGAMI entidade de natureza asociativa, figura inscrita no Rexistro de asociacións co número 2003/93-2^a, tendo por finalidade a defensa dos intereses das persoas con discapacidade de Galicia, acadar a súa real e efectiva participación social, laboral e cultural, así como a súa integración na sociedade. A entidade, declarada de utilidade pública, figura recoñecida e inscrita como entidade de iniciativa social no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais có número E-154.

Con data 13 de decembro de 2024 firmouse convenio de colaboración entre a consellería de Política Social e Igualdade e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), para o desenvolvemento dun servizo transdisciplinar de apoio para persoas con discapacidade na consecución dos seus proxectos de vida na comunidade no exercicio 2025.

O importe do orzamento destinouse a cubrir os gastos efectivamente realizados a partir do 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de agosto de 2025.

Así mesmo, na cláusula décimo segunda do convenio establécese a vixencia do convenio ata o 15 de setembro de 2025 e a posibilidade de prorrogalo por acordo expreso das partes que deberá ser formalizado en calquera momento antes da expiración do prazo inicialmente pactado. Poderá ser modificado por mutuo acordo das partes mediante a subscripción da correspondente addenda de modificación.



Próxima a finalizar a vixencia do convenio subscrito, ambas partes están interesadas en prorrogalo para o ano 2025, nos termos das cláusulas que se recollen na parte dispositiva deste acordo e dentro do límite previsto no artigo 49 letra h) punto 2º da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, co fin de garantir a continuidade do desenvolvemento dun servizo transdisciplinar de apoio para persoas con discapacidade na consecución dos seus proxectos de vida na comunidade no exercicio 2025 e segundo a metodoloxía de atención integral e centrada na persoa para persoas con discapacidade.

Ambas partes consideran necesario a prórroga do convenio tendo en consideración que esta ampliación temporal permitiría o escalado dos resultados do programa.

A tal efecto, seguindo a proposta metodolóxica establecida no convenio que se prorroga, no que vai deste ano 2025, trabállase con mais de 55 persoas, 45 das cales foron atendidas de xeito continuado, contando co seu plan de acción personalizado. Das persoas atendidas xa finalizaron a experiencia 14 delas acadando un mínimo do 80% dos seus obxectivos individuais. Estes obxectivos viñan vinculados a autonomía nos desprazamentos, en actividades básicas de vida diaria, en actividades instrumentais da vida diaria, reincorporación laboral, condución adaptada, entre outros. Trátase de fomentar a autonomía da persoa evitando os apoios de terceira persoa ou minimizándoos, segundo o caso, facendo á persoa protagonista do seu cambio. Das restantes persoas, 16 están na etapa de sistematización e traslado das aprendizaxes e habilidades/capacidade adquiridas á súa contorna próxima, sendo este "traslado" un elemento clave para o éxito do servizo a través do mantemento e aproveitamento dos resultados por parte da propia persoa participante a medio-longo prazo e as restantes 15 persoas levan pouco tempo no programa, polo que inda non contamos con resultados concluíntes. Esta baixa porcentaxe de altas no servizo por obxectivos xa acadados, evidencia á necesidade de ampliar o tempo de participación nas accións, dado que segundo a opinión profesional, o tempo medio óptimo de estancia no programa sitúase nos 9 meses, que non se chagan a dar, xa que inda que o convenio ten unha duración de 8 meses, hai que engadir o tempo necesario para a realización das avaliacións iniciais, así como a incorporación paulatina ao servizo das persoas beneficiarias. Esta ampliación temporal permitiría o escalado dos resultados na propia persoa en beneficio da súa autonomía de xeito exponencial. É necesario tamén mencionar que hai persoas en situación de agarda para valoracións iniciais por falta de horario libre para o



desenvolvemento das intervencións no caso de ser incorporadas á experiencia, sendo estas un total de 8 persoas. No caso da acción vinculada á transferencia da metodoloxía de intervención transdisciplinar na contorna da persoa ao movemento asociativo da entidade, mencionar que non foi posible dar resposta a todas as solicitudes de participación recibidas como consecuencia da falta de tempo para realizar o conxunto das tarefas con estas.

Tendo en conta todo o presentado anteriormente, unha ampliación no período de execución do presente programa permitiríanos as seguintes melloras:

- a) Lograr un maior impacto e sostibiliade temporal dos obxectivos.
- b) Darlle unha maior escalabilidade, tanto no referido no número total de persoas participantes, nº de accións, e ao análise do impacto das mesmas, reforzando así o rigor científico da metodoloxía desenvolta.
- c) Permitiría un maior impacto no territorio e nas diferentes tipoloxías de discapacidade o escalado e a transmisión da metodoloxía de acción a un maior número de entidades, a través da implantación de dita metodoloxía nun maior número de entidades, tratándose este aspecto dunha aposta polo rural e a súa capacidade de acción e atención á discapacidade.
- d) Análise das diferentes medidas desenvoltas e os seus resultados, cunha maior proxección temporal e de persoas beneficiarias, poderían validar á idoneidade das accións desenvoltas e a súa vinculación á evitar ou pospor procesos de institucionalización e prever situacións de institucionalizacións non desexadas.

Na súa virtude, e tendo en conta o importante labor que está a desenvolver esta entidade en atención ás persoas con discapacidade, ambas as dúas partes, no nome e representación en que concorren e coa capacidade legal para este acto,

ACORDAN

Primeiro.- Prorrogar o convenio de colaboración asinado o 13 de decembro de 2024 con efectos desde o 4 de setembro ata o 31 de decembro de 2025, nos termos e co alcance que figura no seu clausulado.

Segundo.- O financiamento da presente prórroga ascende a cantidade de trescentos trece mil trescentos trinta e tres euros con trinta e tres céntimos (313.333,33 €), que



aportará a Consellería de Política Social e Igualdade, correspondente ao 100% da financiamento da mesma.

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira do convenio establécese un orzamento total de 313.333,33 € que a Consellería de Política Social e Igualdade achegará integramente e que serán imputados á aplicación orzamentaria 08.04.312D.640.0 (código de proxecto 2018 00046) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Terceiro.- A presentación da xustificación levarase a cabo unha vez rematadas todas as actividades do programa, e en todo caso con data límite 20 de decembro de 2025, nos termos previstos no convenio inicial obxecto de prórroga, asinado con data 13 de decembro de 2024.

En proba de conformidade, ambas as partes asinan este acordo de prórroga do convenio de colaboración polo período establecido, no lugar e na data da sinatura dixital

Pola Consellería de Política Social e
Igualdade

A conselleira

Pola entidade COGAMI

O presidente

Fabiola García Martínez

Anxo Antón Queiruga Vila

